



# **Obrigas de condicionalidade que deberán respectar os solicitantes das axudas da PAC**

## **Ámbito de Saúde Pública, Sanidade Animal e Fitosanidade**





## SAÚDE PÚBLICA, SANIDADE ANIMAL E FITOSANIDADE

- **Requisito Legal de Xestión 4. Regulamento (CE) nº 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, crease a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria. (Artigos 14, 15, 17.1, 18, 19 e 20)**
29. Os produtos da explotación destinados a ser comercializados como alimentos sexa seguros, non presentando en particular signos visibles de estar putrefactos, deteriorados, descompostos ou contaminados por unha materia estraña ou doutra forma.
30. Nas explotacións gandeiras destinadas á produción de alimentos, nin existen nin se lles dá aos animais pensos que non sexan seguros (os pensos deben proceder de establecementos rexistrados e/ou autorizados consonte co Regulamento (CE) nº 183/2005 e deben respectarse as indicacións do etiquetado).
31. Tomáronse precaucións ao introducir novos animais para previr a introdución e propagación de enfermidades contaxiosas transmisibles aos seres humanos a través dos alimentos, e en caso de sospeita de focos destas enfermidades, comunícase á autoridade competente.
32. Almacénanse e manéxanse os residuos e substancias perigosas por separado e de forma segura para evitar a contaminación. Queda incluída a xestión de cadáveres.
33. Utilízanse correctamente os aditivos para pensos, os medicamentos veterinarios e os biocidas (utilizar produtos autorizados e respectar o etiquetado e as receitas).
34. Almacénanse adecuadamente os pensos separados doutros produtos non destinados á alimentación animal (químicos ou de outra natureza).
35. Os pensos medicados e os non medicados almacénanse e manipúlanse de forma que se reduza o risco de contaminación cruzada ou de alimentación de animais con pensos non destinados aos mesmos.
36. Dispón dos rexistros relativos a :
- Natureza, cantidade e orixe dos pensos e outros produtos utilizados na alimentación animal,
  - a cantidade e destino de cada saída de pensos ou alimentos destinados a animais, incluídos os grans,
  - registro de tratamentos veterinarios, enfermidades que poidan afectar á seguridade dos produtos de orixe animal,
  - resultados de todas as análises pertinentes efectuados en plantas, animais ou outras mostras que teñan importancia para a saúde humana,
  - calquera informe relevante obtido mediante controis aos animais ou produtos de orixe animal,
  - cando corresponda o uso de sementes modificadas xeneticamente, uso de fitosanitarios e biocidas.
37. As explotacións están cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes para brucelose ovina-cabrúa e bovina, ou oficialmente indemnes no caso de tuberculose bovina e de cabrúns mantidos con bovinos (no caso de ter na explotación femias distintas a vacas, ovellas, e cabras, susceptibles de padecer estas enfermidades, deben estar sometidas ao programa de erradicación nacional), e que as explotacións que non sexan cualificadas, sométese aos programas nacionais de erradicación, dan resultados negativos ás probas





- oficiais de diagnóstico, e o leite é tratada termicamente. No caso de ovinos e cabrúns, o leite debe someterse a tratamento térmico, ou ser usada para fabricar queixos con períodos de maduración superiores a 2 meses.
38. O leite tratouse termicamente se procede de femias distintas de vacún, ovino e cabrún, susceptibles de padecer estas enfermidades, que deran negativo nas probas oficiais, pero en cuxo rabaño se detectara a presenza da enfermidade.
  39. En explotacións nas que se diagnosticara tuberculose bovina (ou de caprino mantido con bóvidos) ou brucelose bovina ou do ovino-cabrún, a efectos do control oficial por parte da Administración, o produtor dispón e utiliza un sistema para separar o leite dos animais positivos dos negativos e non destina o leite dos positivos ao consumo humano.
  40. Os animais infectados polas enfermidades citadas nos puntos anteriores están correctamente illados, para evitar un efecto negativo no leite dos demais animais.
  41. Os equipos de muxido e os locais nos que o leite se manipula e arrefría situáronse e construíronse de forma que se limita o risco de contaminación do leite.
  42. Os lugares destinados ao almacenamento do leite están protexidos contra as alimarias, claramente separados dos locais nos que están estabulados os animais e dispoñen dun equipo de arrefriamento adecuado, para cumprir as esixencias de temperatura.
  43. As superficies dos equipos que están en contacto co leite (utensilios, recipientes, cisternas, etc...), destinados ao muxido e recollida, son fáciles de limpar, de desinfectar e mantéñense en bo estado. Tras utilizarse, ditas superficies límpanse, e en caso necesario, desinfectanse. Os materiais deben ser lisos, lavables e non tóxicos.
  44. O muxido realízase a partir de animais en bo estado de saúde e de maneira hixiénica. En particular:
    - a. antes de comezar o muxido, os tetos, as ubres e as partes próximas están limpas e sen feridas nin inflamacións,
    - b. os animais sometidos a tratamento veterinario que poida transmitir residuos ao leite identifícanse claramente,
    - c. os animais sometidos a tratamento veterinario que poida transmitir residuos ao leite mentres se atopen en período de supresión, móxense por separado. O leite obtido destes animais almacénase por separado do resto, sen mesturarse con ela en ningún momento, e non é destinada ao consumo humano.
  45. Inmediatamente despois do muxido o leite conservase nun lugar limpo, deseñado e equipado para evitar a contaminación, e o leite arrefríase inmediatamente a unha temperatura non superior a 8°C se é recollida diariamente e non superior a 6°C se a recollida non é diaria. (No caso de que o leite vaia ser procesada nas 2 horas seguintes ou que por razóns técnicas para a fabricación de determinados produtos lácteos sexa necesario aplicar unha temperatura máis alta, non é necesario cumprir o requisito de temperatura).
  46. Nas instalacións do produtor os ovos mantéñense limpos, secos, libres de olores estraños, protexidos contra golpes e da radiación directa do sol.
  47. É posible identificar aos operadores que subministraron á explotación un penso, un animal destinado á produción de alimentos, un alimento ou calquera substancia destinada a ser incorporada a un penso o a un alimento.
  48. É posible identificar aos operadores aos que a explotación subministrou os seus produtos.
  49. Se o agricultor considera que os alimentos ou penso producidos poden ser nocivos para a saúde das persoas ou non cumprir cos requisitos de inocuidade, respectivamente, o mesmo





informa ao seguinte operador da cadea comercial para proceder a súa retirada do mercado e informa ás autoridades competentes e colabora con elas.

- **Requisito Legal de Xestión 5. Directiva 96/22/CEE do Consello, de 29 de abril de 1996, pola que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tiorostático e substancias B-agonistas. (artigo 3a, 3b,3d, 3e, 4,5,7)**
  - 50. Non se administran aos animais da explotación substancias de uso restrinxido que teñan acción tiorostática, estroxénica, androxénica ou xestaxénica (acción hormonal ou tiorostática) e beta-agonistas, salvo as excepcións contempladas nos artigos 4 e 5 da Directiva 96/22/CE.
  - 51. Non se posúen animais aos que se lles administraran as substancias anteriores e non se comercializan animais (nin os seus produtos derivados) aos que se lles subministrara estas substancias, ata que transcorra o prazo mínimo de espera establecido para a substancia administrada.
  - 52. Non se dispón de medicamentos para uso veterinario que conteñan beta-agonistas que poidan utilizarse para inducir a tocólese.
  - 53. En caso de administración de produtos autorizados, respectouse o prazo de espera prescrito para ditos produtos, para comercializar os animais ou a súa carne.
- **Requisito Legal de Xestión 6. Directiva 2008/71 do Consello, de 15 de xullo de 2008 relativa á identificación e rexistro de porcos (artigos 3,4 e 5)**
  - 54. Identificación e Rexistro (I&R) de porcos, o gandeiro está rexistrado en REGA de forma correcta como titular de explotación porcina debidamente clasificada.
  - 55. Identificación e Rexistro (I&R) de porcos o libro de rexistros da explotación cóbrense correctamente e os datos son acordes cos animais presentes na explotación, e que se conservan durante polo menos 3 anos.
  - 56. Identificación e Rexistro (I&R) de porcos, o gandeiro conserva a documentación relativa ao orixe, identificación e destino dos animais que posuía, transportara, comercializara ou sacrificara.
  - 57. Identificación e Rexistro (I&R) de porcos, os animais identifícanse segundo establece a normativa.
- **Requisito Legal de Xestión 7. Regulamento (CE) nº 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo ao etiquetado da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún. Artigos 4 e 7**
  - 58. Identificación e Rexistro (I&R) de vacún, os animais bovinos presentes na explotación identifícanse correctamente de forma individual.
  - 59. Identificación e Rexistro (I&R) de vacún, o libro ou rexistros da explotación cóbrense correctamente e os datos de rexistro individual dos animais son acordes cos animais presentes na explotación, e se conservan polo menos durante 3 anos.
  - 60. Identificación e Rexistro (I&R) de vacún, o gandeiro comunicou en prazo á base de datos de identificación e rexistro os nacementos, movementos e mortes.
  - 61. Identificación e Rexistro (I&R) de vacún, para cada animal da explotación existe un documento de identificación, e os datos contidos nos DIBs son acordes cos dos animais presentes na explotación.
- **Requisito Legal de Xestión 8. Regulamento (CE) nº 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro das especies ovina e cabrúa. Artigos 3,4 e 5**
  - 62. Eliminado
  - 63. Identificación e Rexistro (I&R) de ovino-cabrún, os animais identifícanse consonte á normativa.





64. Identificación e Rexistro (I&R) de ovino-cabrún, os rexistros da explotación cóbrense correctamente e os datos son acordes cos animais presentes na explotación, e se conservan polo menos durante 3 anos.
65. Identificación e Rexistro (I&R) de ovino-cabrún, o gandeiro conserva a documentación relativa á orixe, identificación e destino dos animais que posuía, transportara, comercializara ou sacrificara.

➤ **Requisito Legal de Xestión 9. Regulamento (CE) nº 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET). Artigos 7,11,12,13,15**

66. Nas explotacións de ruminantes non se utilizan produtos que conteñan proteínas animais transformadas procedentes de animais terrestres nin de pescado, nin produtos derivados de subprodutos de orixe animal (categorías 1,2,3) coas excepcións previstas no anexo IV do Regulamento CE nº 999/2001.
67. Nas explotacións de outros animais produtores de alimentos distintos dos ruminantes non se utilizan produtos que conteñan proteínas animais transformadas procedentes de animais terrestres, nin produtos derivados de subprodutos de orixe animal (categorías 1,2,3) coas excepcións previstas no anexo IV do Regulamento CE nº 999/2001.
68. No caso das explotacións mixtas nas que coexistan especies de ruminantes e non ruminantes e se utilicen pensos con proteínas animais transformadas destinados á alimentación de non ruminantes, existe separación física dos lugares de almacenamento dos pensos destinados a uns e a outros.
69. Notifícase á autoridade competente a sospeita de casos de EET e se cumpren as restricións que sexan necesarias.
70. O gandeiro dispón da documentación precisa para acreditar os movementos e o cumprimento da resolución que expida a autoridade competente, cando a mesma sospeite a presenza dunha encefalopatía esponxiforme transmissible na explotación.
71. O gandeiro dispón da documentación precisa para acreditar os movementos e o cumprimento da resolución que expida a autoridade competente, cando a mesma sospeite a presenza dunha encefalopatía esponxiforme transmissible na explotación.
72. O gandeiro posúe os certificados sanitarios que acrediten que se cumpre segundo o caso, o especificado nos anexos VIII e IX sobre posta no mercado e importación do Regulamento (CE) nº 999/2001.
73. O gandeiro non pon en circulación animais sospeitosos ata que non se levante a sospeita pola autoridade competente.

➤ **Requisito Legal de Xestión 10. Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios e polo que se derogan as Directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE. Artigo 55**

74. Solo se utilizan produtos fitosanitarios autorizados (inscritos no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do MAPAMA).
75. Os produtos fitosanitarios utilízanse adecuadamente, isto é, consonte coas indicacións da etiqueta (almacenamento seguro/ lugar de almacenamento, protección do auga, licenza para o uso de produtos específicos, etc...), axustándose ás esixencias do Programa Nacional de Control Oficial da Hixiene da Producción Primaria Agrícola e do Uso de Produtos Fitosanitarios.

